

PROGRAMA 2010

XLI

Festa do carneiro ó

ESPETO

declarada de interese turístico galego



Concello de
MORAÑA

Promoción cofinanciada pola:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO
Secretaría Xeral para o Turismo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO



Deputación
Pontevedra




ASOCIACIÓN
DEPORTIVA E CULTURAL
ESPETO



AGRUPACIÓN DE BAILE
E MÚSICA TRADICIONAL
SEIXEBRA



O ARRIEIRO
* MORAÑA *



Moraña

23, 24 e 25 Xullo 2010

www.morana.org



**SAÚDA DO ALCALDE
DE MORAÑA
JOSÉ A. EIRAS PAZ**

Como tódolos anos chega unha data sinalada para os meus veciños e veciñas de Moraña, o derradeiro domingo de xullo, na que ten lugar a tradicional Festa do Carneiro ó Espeto, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia e que este ano chega á súa XLI edición.

Deséxovos a morañeses e morañesas, forasteiros e forasteiras, que pasedes un día feliz e cheo de sana ledicia gozando da incomparable beleza que ofrece a carballeira de Santa Lucía de Moraña, coa imaxe única dos carneiros asándose lentamente a lume de carballo para convertirse nun exquisito manxar.

Por outra banda, non quero esquecerme dos que non poden estar connosco este día, a eles e a elas terémolos presentes no noso recordo agardando un pronto regreso para compartir con nós esta data tan sinalada.

Co desexo de que o programa das festas sexa do voso agrado, para todos e todas, boa festa.

O voso alcalde, José A. Eiras Paz



Luns

20:00

OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL

Con este obradoiro preténdese introducir ás e ós asistentes no manexo da cámara, velocidade de obturación, profundidade de campo, técnicas fotográficas e retoques por Photoshop. Será realizado na semana do 5 ó 9 de xullo, para un número máximo de 15 participantes maiores de 18 anos, admitidos por orde de inscrición. Para inscribirse, debedes facelo na Biblioteca, de 10 a 13 e de 16 a 21 horas ata o día 2 de xullo.



20:00

OBRADOIRO DE MALABARES



Animádevos a participar, ensinarádevos a construír as vosas propias pelotas de malabares e logo a manexar as pelotas, mazas e monociclo. Será realizado os días 5, 12 e 14 de xullo, para un número máximo de 20 participantes a partir de 12 anos, admitidos por orde de inscrición.

Para inscribirse, debedes facelo na Biblioteca, de 10 a 13 e de 16 a 21 horas ata o día 2 de xullo.



Venres

22:00

ACTUACIÓN DE MOFA E BEFA

Por quinto ano consecutivo, o Concello volve apostar polos espectáculos cargados de humor e ironía. Os coñecidos actores Víctor Mosquera e Evaristo Calvo son os encargados de facernos pasar unha sesión de diversión e entretemento coa súa actuación na Casa de Cultura A.D.R. Castela.



10
XULLO

Sábado

21:00

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN: "A CASA LABREGA, 40 ANOS ATRÁS"

Na Casa de Cultura A.D.R. Castelao, onde a Asociación Cultural O Arreiro levará a cabo unha proxección na que se explicarán os cambios sufridos nas casas veciñas de Moraña nos últimos 40 anos, repasando as características das mesmas. Achegádevos a recordar vellos tempos.



11
XULLO

Domingo

22:30

TEATRO

Os membros da compañía Malasombra Teatro, representarán na Casa de Cultura A.D.R. Castelao, a obra Go On!. Unha divertidísima comedia que de seguro non defraudará a todo o público asistente. A entrada será gratuíta e para todos os públicos.

12
XULLO

Luns

20:00

OBRADOIRO DE PINTURA SOBRE VIDRO

Con este obradoiro iniciarase á poboación maior de 25 anos nas técnicas básicas da pintura sobre vidro. Será realizado os días 12, 15 e 20 de xullo, para un número máximo de 15 participantes, admitidos por orde de inscrición. Para inscribivos, debedes facelo na Biblioteca, de 10 a 13 e de 16 a 21 horas ata o día 9 de xullo.



13
XULLO

Martes

12:00

HOXE: CATIVADAS!

Como en edicións anteriores, de 12:00 a 20:00 horas, os cativos e cativas maiores de 6 anos poderán participar nunha xornada cargada de actividades, xogos populares, obradoiros, sendeirismo, etc. que seguro farán a ledicia de todos e todas.

Para inscribivos, podedes facelo ata o día 12 de xullo na Biblioteca.

20:00

OBRADOIRO DE FIMO

Outra das actividades que ofertamos para persoas a partir de 15 anos é un obradoiro de fimo, no que se farán pulseiras, colares, moedeiros, etc. Será realizado os días 13, 16 e 22 de xullo. O número máximo de participantes será 15, admitidos por orde de inscrición. Para inscribivos, debedes facelo na Biblioteca, de 10 a 13 e de 16 a 21 horas ata o día 12 de xullo.

17
XULLO

Sábado

18:00

MILLA URBANA

A Rúa 7 de Santa Lucía, acollerá un ano máis a tradicional Milla Urbana, na que te poderás inscribir nas seguintes categorías: de 0 a 6 anos, de 7 a 9 anos, de 10 a 12 anos, de 13 a 15 anos, de 16 a 18 anos, de 19 a 39 anos, de 40 a 50 anos e a partires de 51 anos (todas masculinas e femininas). Lembra que hai trofeos para os tres primeiros clasificados e clasificadas de cada categoría, e medallas para todas e todos os que participedes. As inscricións poderedes facelas ese mesmo día na liña de meta.

18
XULLO

Domingo

20:00

FESTIVAL FOLCLÓRICO

A música tradicional será a principal protagonista desta xornada, onde o grupo local de Música e Baile Tradicional Seixebrá compartirá o escenario do patio traseiro da Casa de Cultura con tres grupos galegos.



20
XULLO

Martes

16:00

FESTA DA ESPUMA E INCHABLES

Un ano máis, na Rúa 7 de Santa Lucía, os cativos e cativas voltarán a gozar dun día de actividades ao aire libre, en que varios inchables e a festa da espuma serán o atractivo de todas e todos os asistentes.

22
XULLO

Xoves

20:00

ACTUACIÓN CIRCENSE

Tódalas nenas, nenos e demais que queiran gozar dunha actuación de malabares, equilibrios, xogos, globoflexia, etc. terán a oportunidade de facelo este día onde a diversión estará asegurada. Para gozar deste espectáculo, que correrá a cargo de Peter Punk, xuntarémonos na Praza do Concello.

23
XULLO

Venres

12:00

CAMPIONATO DE NATACIÓN

A Piscina Municipal será o escenario en que se levará a cabo o tradicional campionato de natación no que poderedes participar nas distintas modalidades.



23
XULLO

Venres

10:00

TORNEO DE BASKET 3X3

Un dos torneos máis clásicos do verán baloncestístico acada a súa décima edición. Un ano máis Moraña acollerá a xogadores chegados dende as catro provincias galegas, noroeste peninsular e do veciño Portugal.

O espectáculo está garantizado cos concursos de triples, mates e 2ball, ademais do orixinal sorteo de material deportivo, unha zona adicada ó entretemento dos máis pequenos e pequenas, e unha exposición das mellores imaxes do evento.



23:00

FESTIVAL "CARNEIROCK" NA CARBALLEIRA DE SANTA LUCÍA

O venres 24 Moraña será o epicentro do rock, onde se darán cita ata altas horas da madrugada todas e todos os amantes deste xénero musical para poder gozar das seguintes actuacións:

ESEÑIA

MEDOMEDÁ

ASTAROT

RUXE-RUXE

24
XULLO

Sábado

11:00

FESTA DA BICICLETA

A Festa da Bicicleta é unha das actividades con máis arraigamento entre os veciños e veciñas do concello e de concellos limítrofes. A Carballeira de Santa Lucía será o lugar de encontro de todas as persoas, grandes e pequenos/as, que queirades acompañarnos a dar un paseo en bicicleta. Primeiro percorrерemos as rúas do núcleo urbano acompañados da **Banda de Música Nova Lira de Moraña**, para logo continuar visitando varios lugares do noso concello.

Haberá agasallos para todas e todos os que participades, ademais darémoslle un agasallo especial para o ou a participante de maior idade, de menor idade, para a familia máis numerosa e para a bicicleta máis chamativa.

16:00

FINAIS DO XV TORNEO DE TENIS

Este día xogaranse as finais das distintas categorías do torneo no Pavillón Municipal dos Deportes. Os partidos, como xa vén sendo habitual, celebraranse durante as fins de semana deste mes de xullo.



23:00

VERBENA NA CARBALLEIRA DE SANTA LUCÍA

Coa actuación das orquestras:

SAMBA e **MAGOS DE ESPAÑA**

25
XULLO

Domingo

07:00

LUME DE CARBALLO

Ás 07:00 horas terá lugar o prendido do lume para o asado dos Carneiros ó Espeto.

De 10:00 a 14:00 horas

PASARRÚAS E ACTUACIÓN

A cargo da AGRUPACIÓN DE BAILE TRADICIONAL E GRUPO DE PANDERETEIRAS SEIXEBRA de Moraña.



A animación de rúa correrá a cargo da Charanga O'SANTIAGUIÑO

14:00

ASIGNACIÓN DE LOTES

14:30

EXTRAORDINARIO XANTAR DO CARNEIRO Ó ESPETO

Sobremesa amenizada pola Charanga O'SANTIAGUIÑO.

A continuación actuación do grupo folk CLAN MARAGATO.



22:00

GRAN VERBENA "FIN DE FESTAS"

Coa actuación das orquestras:

LA BÁMBOLA e **MÁSTER**